

## **A OV430 presenta a súa xira Xacobeo 21-22**

- **A OV430 formará parte da programación sinfónica do Xacobeo 21-21, promovida pola Xunta de Galicia**
- **A xira consta de 9 concertos en diferentes localizacións de toda a xeografía galega que levaranse a cabo durante os próximos meses**
- **Todas as citas poderán gozarse en streaming grazas á colaboración establecida con Tolemias**

A OV430 presenta, para os próximos meses, a súa xira Xacobeo 21-22. Unha proposta promovida pola Xunta de Galicia, enmarcada na súa programación sinfónica. Un total de nove concertos que a OV430 ofrecerá, ata final de ano, en diversos puntos da xeografía galega; os concellos de Allariz, Mondoñedo, Viveiro, Culleredo, Lugo, Monforte de Lemos, Betanzos, A Coruña e Vilalba poderán gozar de tres programas de primeiro nivel.

Desde este 19 de agosto, ata o próximo 21 de novembro, o público asistente ás 9 citas programadas poderá gozar dunha programación completa que contará con solistas da talla da guitarrista Alexandra Whittingham, o pianista Antonio Queija ou a soprano Eugenia Boix. Os concertos contarán ademais con directores de especial renome e destacada traxectoria, como Isabel Rubio, Jhoanna Sierralta e Pavel Amilcar.

Cada un dos tres programas representarase en tres ocasións; o "Concerto do Sur" de Ponce será o prato forte do mes de agosto, en setembro o será a estrea da obra de Juan Durán "Variacións sobre Rosa de Abril", e, en novembro, a Orquestra Barroca Vigo 430 levará a cabo unha proposta interdisciplinar moi especial, mesturando a ópera de Händel coa danza das coreografías de Alejandra Balboa.

Unha xira que contará coa produción de Zarpa Music, e que a partir de setembro poderá seguirse en streaming grazas á colaboración establecida con Tolemias. Será vídeo en alta calidade ao que poderá accederse tamén unha vez finalizados os concertos, baixo subscripción.

### **A Orquestra Sinfónica Vigo 430**

O proxecto da Orquestra Vigo 430 naceu en 2005, co obxectivo último de dotar á poboación galega dunha formación musical profesional e de calidade. A OV430 intégrana, maioritariamente, os expoñentes máis brillantes das novas xeracións de músicos galegos recentemente graduados, así como destacados músicos freelance do resto do país e do estranxeiro. Para lograr o resultado artístico desexado, na orquestra considérase fundamental a citada combinación de talento propio e foráneo, todo iso co denominador común da mocidade e a excelencia, no que a nivel musical refírese.

Entre os obxectivos principais do proxecto está a creación de novos públicos, co fin de eliminar a barreira psicolóxica que existe para gran parte da poboación cando se achega a un concerto de música clásica.

Desde a Xunta de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro do ámbito das súas competencias, vén desenvolvendo diferentes accións dentro dos valores culturais do Camiño de Santiago aproveitando a celebración do Xacobeo 2021-2022. Esta xira Xacobeo da OV430 que percorrerá Galicia nos próximos meses é unha delas.

O apoio á cultura no marco do Xacobeo 2021-2022 materialízase desde a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da programación de eventos culturais propios, da organización directa de ciclos ou programacións, e tamén a través da colaboración con distintas entidades culturais externas de relevancia, como é o caso; pois cabe destacar que, no ámbito sinfónico, a Orquestra Vigo 430 é das máis importantes de Galicia, xunto á Sinfónica e a de a Filarmonía.

O apoio da Xunta de Galicia fai posible que poida desenvolverse a xira, que cumprirá con todas as medidas de seguridade pertinentes e será de carácter gratuíto para as persoas asistentes.

### PROGRAMA 1.

#### **ORQUESTRA SINFÓNICA VIGO 430**

A. Gaos: «Impresión nocturna»

E. Grieg: Suite «Holberg»

M. Ponce: «Concierto del Sur» para guitarra e orquesta

Solista: **Alexandra Whittingham** (guitarra) | Directora: **Jhoanna Sierralta**

#### **Conciertos:**

- Xoves 19 de agosto, ALLARÍZ | 20:30h, Festival Internacional de Xardíns.
- Sábado 21 de agosto, MONDOÑEDO | 12:00h, Catedral.
- Sábado 21 de agosto, VIVEIRO | 19:00h, Teatro Pastor Díaz.

### PROGRAMA 2.

#### **ORQUESTRA SINFÓNICA VIGO 430**

J. Turina: «Oración del torero»

J. Durán: «Variaciones sobre Rosa de abril» para piano e orquesta (J. Durán)

A. Dvorák: «Serenata para cuerdas»

B. Bartók: «Danzas rumanas»

Solista: **Antonio Queija** (piano) | Directora: **Isabel Rubio**

#### **Conciertos:**

- Venres 24 de setembro, CULLEREDO | 19:00h, Auditorio do Conservatorio Profesional de Música
- Sábado 25 de setembro, LUGO | 20:00h, Círculo das Artes
- Domingo 26 de setembro, MONFORTE DE LEMOS | 20:00h, Edificio MULTIUSOS

### PROGRAMA 3.

#### **ORQUESTRA BARROCA VIGO 430**

G. F. Händel «Alcina», selección arias de ópera

Solista: **Eugenia Boix** (soprano) | Coreografía y danza: **Alejandra Balboa**

Director: **Pavel Amilcar**

- Venres 19 de novembro, BETANZOS
- Domingo 21 de novembro, A CORUÑA | 12:00h, Museo de Belas Artes
- Domingo 21 de novembro, VILALBA